

**Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)**

**Certifico:** Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria celebrada o día 8 de xuño de 2015, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**“PUNTO SEGUNDO.- ADXUDICACIÓN POLO PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MAIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN ORDINARIA DO SERVIZO DE “ESCOLA DE VERÁN” DO CONCELLO DE AMES.-**

O señor alcalde informa que a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 21 de maio de 2015 realizou a **clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación para adxudicación polo procedemento aberto, oferta máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria do servizo de “Escola de Verán” do Concello de Ames.**

O devandito acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar o contrato de servizos de “Escola de Verán” do Concello de Ames”.

En base ao anterior, e ao conxunto de antecedentes que figuran no expediente, a Xunta de Goberno Local, previa delegación da Alcaldía (decreto 751/2011), adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Adxudicar o servizo de “Escola de Verán” do Concello de Ames á empresa **AGORA ABERTA S.L.N.E.**, con **CIF nº B-15942329** nas seguintes condicións:

**A.- Prezo:** O importe da oferta económica do antedito licitador ascende ao seguinte prezo:

- Prezo hora/monitor: 12,65 €uros + IVE (10%)
- Prezo almuerzo/servido: 0,70 €uros + IVE (10%)

Respectaranse os prezos e demais condicións presentadas pola empresa adxudicataria.

**B. Duración do contrato:** Dende o 1 de xullo ata o 31 de agosto dos anos 2015, 2016, 2017 e 2018 (estes dous últimos anos, no caso de acordarse as correspondentes prórrogas).

**C.- Resto de condicións:** O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada

**Segundo.-** Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a oito de xuño de 2015, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace  
O alcalde

A secretaria

Santiago V. Amor Barreiro